

# O libro encantado

Só mirando a entrada, quedo totalmente engaiolada. Acostumo rondar por aquela biblioteca, que debería ser considerada unha das sete maravillas do mundo. É unha biblioteca bastante normal en xeral, pero o interesante, e o que a fai diferente ás demais, son eses pequenos detalles que ten: flora por todos os lugares, decoracións en cada pedra cun significado ou historia nela, alfombras de cores que denominan lugares na biblioteca, etc.

Gústame moito escribir e para ser unha boa escritora no futuro teño que ler as mellores obras e investigar sobre os mellores escritores. E é exactamente iso o que eu veño facer aquí.

Dona Roxelia saúdame ao verme pasar, xa somos boas amigas ou polo menos iso aparenta lanzándome un sorriso. É unha señora que ten unha interacción coa xente baseada na comunicación non verbal; é dicir, que é unha persoa de poucas palabras. Enriba da súa mesa hai varios folios e cousas varias esparcidas, un folleto chama a miña atención: “véndese libro encantado”. Vou directa aos ordenadores e xa alí, entro en internet a buscar información sobre ese tal libro encantado. Para a miña sorpresa, non atopo nada máis que ese folleto na sección de imaxes. Como boa futura escritora, éntrame o curiosidade e decídome a que teño que mercar ese libro como sexa.

Collo o folleto e preguntolle a Roxelia se sabe o paradoiro do libro. Ela abre moito os ollos e queda paralizada uns segundos. Despois di:

- “Téño eu, pero, nena, non cho recomendo”.

É a primeira vez que a escoito falar e quedo algo impactada pero enseguida reacciono.

-”Non creo que estea encantado de verdade, ademais preciso ese libro, pícame a curiosidade como nunca”, contestei.

-”A curiosidade matou ao gato”, responde ela

-”E logo por que o tes á venda se non mo queres vender?” preguntei eu intentando facela ceder:

-”Ségume”, acepta ao ver a miña insistencia.

Pasamos por un longo corredor (polo que nunca antes pasara) e chegamos a unha sala chea de libros poeirentos. Só pasou Roxelia, eu preferín quedar fóra, e ao saír deume un libro. A miña primeira sensación foi de sorpresa xa que, a diferenza do que eu esperaba, quitándolle o po era un libro ben conservado e sen mostras de humidade ou ‘soidade’.

Tan pronto como chego á casa abro o libro e descubro algo que me deixa abraiada: follas en branco. Pero como vai estar encantado se non pon nada?, preguntome algo decepcionada. Vou cear e tan pronto volvo, o libro comeza a mudar: cambia de cor, forma, lugar, etc. Xa non sei por onde anda e ás veces confúndoo por un dos meus libros. Estou algo asustada porque a pesar de buscar desesperadamente unha explicación lóxica a todo isto, non a atopo por ningures! Mañá toca madrugar para ir ás clases, así que a pesar de todas as sensacións que vivira hoxe, fixen un esforzo por ir á cama.

Decidín non contar nada no colexio, principalmente porque non teño suficiente confianza con ningún dos meus amigos como para dicir un segredo tan raro e difícil de crer coma este.

Ceguei á casa e esta non estaba, só vin aos meus pais pululando polo xardín coma se nada. Supuxen nese momento que iso debía de ser cousa do libro, así que comecei a buscalo por todo o xardín. Resultou estar camuflado coma unha flor pero non me custou atopalo xa que tiña un tamaño desproporcionado en comparación coas outras.

O que máis me molestaba era que ninguén parecía decatarse dos desastres que este facía cada dous por tres. Como só pasaban cousas estrañas cando eu non o vía decidín que o próximo día o levaría ao colexio, así o tería vixilado e non podería facer cousas estrañas. O plan torceuse un pouco ao día seguinte, xa que a profesora de arte confiscoume o libro dicindo que todo o que non fose material escolar queda confiscado. Agora que o tiña sen vixianza, xa me parecía que aquel libro podería facer o que quixera. E así foi, xa que cando saín da clase todo estaba ao revés: o teito no chan, o chan no teito, os alumnos ían camiñando ao revés coma se nada... Xa estaba ben farta deste libro e das súas toladas! Ata agora sempre intentei conseguir algunha explicación lóxica pero xa non podo máis. É un claro libro encantado, sen explicación lóxica!

Ceguei á miña casa esgotada e sen forzas para facer nada. Simplemente ceei e tireime na cama. Comecei a pensar todo o que me ocorrera nestes días, nas palabras de Roxelia, nos sucesos inexplicables... Oxalá non tivera visto ese anuncio que me trouxera ata aquí. Con todos estes pensamentos na miña testa, quedei profundamente durmida.

Espertei cunha sensación de relaxación completa, ao mirar ao meu redor non vin nada espeluznante nin preocupante. Soamente vin o libro aberto de par en par, xa non estaba baleiro, agora podía ver moitas historias de xente de diferentes épocas e culturas que remataban todas da mesma maneira. Ese mesmo libro, na mesma sala, da mesma biblioteca; e creo que xa a coñecedes.

**Antigüidade moderna**